

CONVOCATORIA DE BOLSAS INTERNACIONAIS BANCAJA  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA 2008-2  
(PARA ESTANCIAS NO CURSO 2008-09)

Ao abeiro do convenio vixente entre Bancaja e a Universidade da Coruña, subscrito o 27 de setembro de 2006, a Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais publica a presente convocatoria de bolsas en concepto de axudas para fomentar a mobilidade internacional, destinadas aos estudantes (90%) e aos docentes (10%) da Universidade da Coruña que participen en programas de mobilidade internacional durante o curso 2008-09. A contribución de Bancaja a esta convocatoria é dun máximo de 50.000 euros, segundo o acordo da Comisión Mixta prevista no antedito convenio.

**Finalidade das bolsas**

Son axudas económicas para a estadía en universidades europeas dentro do programa Erasmus ou convenios bilaterais, coa finalidade de completar a formación dos participantes con experiencia académica en universidades europeas, así como fomentar a proxección exterior e a mobilidade internacional dos estudantes da Universidade da Coruña.

O importe total distribuirase en dúas modalidades:

- Bolsas para estudantes (45.000 €)
- Axudas de custo para profesores: (5.000 €)

O importe non comprometido da partida de axudas de custo para profesores poderá transferirse á partida de bolsas para estudantes.

**Requisitos dos candidatos**

a) Para os estudantes

- participar nunha mobilidade estudantil Erasmus durante o curso 2008-2009;
- participar nunha mobilidade estudantil bilateral durante o curso 2008-2009;

b) Para os profesores, participar nunha mobilidade docente Erasmus coa finalidade de promover a mobilidade internacional dos estudantes da UDC e/ou impartir docencia durante o curso 2008-2009. Quedan excluídos os desprazamentos para asistencia a congresos ou para os efectos de investigación.

### **Documentación que hai que presentar, forma e lugar**

Os estudantes interesados deberán presentar a solicitude na Oficina de Relacións Internacionais, segundo o modelo adxunto, no anexo I dirixido á vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, xunto coa seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia do expediente académico con cálculo de media, de acordo coa Resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Ordenación Universitaria do 15-03-2005

Os profesores serán automaticamente considerados para as axudas de custo.

### **Prazo de presentación da solicitude**

Dende o 6 de outubro ao 22 de outubro de 2008.

### **Resolución**

O resultado publicarase antes do día 5 de decembro de 2008, na Oficina de Relacións Internacionais e nas páxinas web [www.udc.es/ori](http://www.udc.es/ori) e [www.bancaja.es/obrasocial](http://www.bancaja.es/obrasocial)

### **Criterios de selección/avaliación**

- a) Estudantes: en función da media do expediente académico. A media será calculada de acordo coa Resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Ordenación Universitaria do 15-03-2005
- b) Profesores: en función do número de orde do convenio financeiro Erasmus

### **Comisión de selección**

A comisión de selección estará composta polas seguintes persoas:

Presidenta: María José Martínez López, vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais

Secretaria: Sandra King Gouyer, directora da Oficina de Relacións Internacionais

Vocal 1: Diego Varela Pedreira, técnico superior en Relacións Internacionais

Vocal 2: Berta Guijarro Berdiñas, coordinadora de Proxección Internacional

A comisión de selección efectuará unha proposta á Comisión Mixta Bancaja-UDC que no seu caso ratificará a lista de beneficiarios segundo o previsto no convenio vixente entre ámbalas dúas Institucións.

Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Comisión Mixta Bancaja-UDC.

### **Aceptación da bolsa**

O/a beneficiario/a deberá subscribir o Documento de aceptación da bolsa Bancaja, anexo 2, no prazo máximo de 15 días a partir da publicación das listas de seleccionados e entregalo na Universidade da Coruña na Oficina de Relacións Internacionais.

### **Pagamento da bolsa**

O pagamento das axudas seralle efectuado directamente á persoa beneficiaria mediante transferencia bancaria á conta de Bancaja de que sexa titular, en dous prazos.

- primeiro prazo (80% do importe total da bolsa), farase efectivo unha vez presentado o certificado de incorporación suscrito pola universidade de acollida na Oficina de Relacións Internacionais.
- segundo prazo (20% do importe total da bolsa), farase efectivo finalizada a estadía, unha vez presentado o certificado de estadía suscrito pola Universidade de acollida na Oficina de Relacións Internacionais.

O financiamento farase con cargo á partida orzamentaria 9870990216 422D 48700.

### **Importe das axudas**

Estas axudas están suxeitas á lexislación fiscal vixente.

- a) O importe das axudas a estudantes distribuirase ata esgotar o orzamento dispoñible, a razón de 1.200 euros para estadías de curso completo e de 600 euros para estadías dun semestre.
- b) As axudas de custo para profesores cubrirán o importe dos gastos de desprazamento, ata un máximo de 500 euros.

### **Compatibilidade**

Estas bolsas son compatibles coa percepción doutras axudas para o mesmo fin.



**UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

**Bancaja** 

el compromiso social

### **Información**

Universidade da Coruña  
Oficina de Relacións Internacionais  
Casa do Lagar, campus de Elviña  
15071 A Coruña  
Tel.: 981 167 000  
Fax: 981 167 013  
Correo electrónico: [rrii@udc.es](mailto:rrii@udc.es)

E nas páxinas web:

[www.udc.es](http://www.udc.es) ou [www.udc.es/ori](http://www.udc.es/ori) e en [www.bancaja.es/obrasocial](http://www.bancaja.es/obrasocial)

A Coruña, 23 de setembro de 2008

A vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais

María José Martínez López